

DE REXEITADOS A ESQUECIDOS, O EXILIO INTERIOR DOS MESTRES E MESTRAS GALEGOS DEPURADOS POLO RÉXIME FRANQUISTA

Anxo Serafín PORTO UCHA

Universidade de SANTIAGO DE COMPOSTELA¹

In memoriam

Gabino Fernández Filgueira

Manoel Porto González

Xeneroso Uxío Soto Groba

“El primer paso para liquidar a un pueblo,
dijo Hubl,
es borrar su memoria.
Destruir sus libros, su cultura, su historia.
Luego hacer que alguien
escriba nuevos libros,
manufacture una nueva cultura,
invente una nueva historia”

MILAN KUNDERA, *El libro de la risa y del olvido*.

RESUMO: O presente traballo aborda a problemática do exilio dos mestres e mestras galegos depurados polo réxime franquista a partir de 1936. Das dúas variantes que se amosan como potentes para tratar este tema, o exilio exterior e o exilio interior, o estudo céntrase na segunda acepción, a miúdo en relación coa primeira. A partir da conceptualización terminolóxica, analízase o exilio interior, as súas características, formas ou modalidades. As referencias ás características e variedades de exilio interior dos mestres e mestras galegos baséanse nunha investigación realizada polo autor, que deu lugar á publicación *Historias de vida* (2003).

PALABRAS CLAVE: Mestres, Segunda República, Guerra Civil, depuración franquista, depuración do maxisterio, exilio, exilio interior.

ABSTRACT: This article deals with the problems faced by exiled primary school teachers purged by Franco's regime after 1936. Of the two variations that may be focussed on to

¹ Facultade de Ciencias da Educación. Departamento de Didáctica e Organización Escolar.

approach this issue -domestic exile and exile abroad- this analysis centres on the latter, oftentimes as it relates to the former. Starting from its terminological conceptualisation, domestic exile is analysed along with its characteristics, forms and manifestations. The references to the characteristics and kinds of domestic exile experienced by Galician school teachers are based on the research carried out by the author. This led to the publication of the book entitled *Historias de vida* (2003).

KEY WORDS: School teachers, Second Republic, Civil War, franco's purges, purge of teachers, exile, domestic exile.

Introdución

Titulei xenericamente este estudio "De rexeitados a olvidados" por dúas razóns esencialmente. Unha xurde do compromiso adquirido para facer os *Comentarios á conferencia* de Antón Costa sobre "A represión dos mestres galegos e a súa obra no exilio", con motivo da celebración das IV Xornadas de Historia da Educación sobre *A manipulación e a recuperación da memoria escolar. A escola e os mestres na II República o no franquismo* (Foz, 18-22 de xullo de 2005) que derivei cara ao "exilio interior"². A outra nace de fortes motivacións persoais, motivacións que condicionaron as miñas pescudas de investigación nos últimos cinco anos, e que deron lugar ao libro *Historias de vida* (2003).

Dende cativo souben daquela traxedia a través da familia. Dende pequeno, aparecía tamén como na néboa, nos silandeiros e fugaces comentarios de sobremesa a figura do mestre do meu lugar de orixe, Gabino Fernández Filgueira, "Don Gabino" como é recordado e respectado, case con veneración, polos veciños do lugar, especialmente polos máis vellos. Outras persoas da parroquia, de forte compromiso agrario, societario ou republicano (entre elas o cirurxián), aparecen tamén nas imaxes do tempo. Houbo moito desengano e decepción. Todos se refuxiaron no silencio, mentres outros, mediocres, subían na escala social ou máis ben na política. Dous alumnos de D. Gabino, moi queridos por min, mestres "cursillistas" en 1936, sufriron as consecuencias da contenda civil: Xeneroso Uxío Soto Groba e Manoel Porto González; primeiro andaron fuxidos e, máis tarde, tomaron o camiño da emigración.

Estamos, pois, no contexto de investigación sobre a recuperación da memoria histórica. "Memoria é poder", precisa C. Perelli³. Sinalaba A. Guerreiro que existen sobradas razóns para a recuperación desta memoria: non se pode entender o presente ignorando o pasado; recuperar a memoria e establecer a verdade histórica non significa só saldar a débeda contraída cos loitadores antifascistas, inxustamente olvidados e marxidados, senón unha esixencia política de primeira orde, para configurar un futuro democrático. É, ademais, una necesidade urxente⁴.

² O presente traballo forma parte da miña intervención, *Comentarios á conferencia* de Antón Costa sobre "A represión dos mestres galegos e a súa obra no exilio", nas IV Xornadas de Historia da Educación sobre *A manipulación e a recuperación da memoria escolar. A escola e os mestres na II República o no franquismo* (Foz, 18 a 22 de xullo de 2005).

³ C. Perelli, "El poder de la memoria. La memoria del poder", en S. Sosnowski (comp.), *Represión, exilio y democracia: la cultura uruguaya*. College Park-Montevideo, University of Maryland-Ed. de la Banda Oriental., 1987, p. 323.

⁴ Véxase A. Guerreiro, "La memoria histórica", *La Voz de Galicia*, 24-12-2004.

O traballo que presentamos ten para nós unha carga sentimental importante. Buscando unha certa distancia, nun intento de racionalización do fenómeno, fixemos un esforzo de conceptualización terminolóxica, a partir de lecturas diversas, maiormente de carácter literario, sen descoidar os aspectos psicolóxicos e filosóficos, entre outros⁵.

1. O exilio. Conceptualización terminolóxica

María Moliner define o exilio como “destierro, en especial el impuesto a la persona de que se trata por las circunstancias de su país, y más particularmente, por las persecuciones políticas”⁶. O exilio aparece, así, xunguido ao movemento de saídas, identificado co seu carácter político. Sen embargo, o carácter aberto do fenómeno lévanos a unha gran familia de sinónimos e derivados (con “ex”, “in”, “des”, “en”, etc.): Expulsar, expatriar, excluír, excomunicar; internar, desarraigar, encartar, etc.⁷. De aí as dúas variantes, a do exilio exterior e interior. A etimoloxía de *exilio*, do latín *salire*, saltar, ten connotacións de natureza agresiva do acto: “echar fuera, desterrar, provocar un salto forzado desde el propio hogar o el propio país; y por extensión el de una persona que es expulsada por una autoridad”⁸.

O noso país ofrece sempre momentos ou circunstancias favorables ao exilio. O exilio das Españas da guerra de 1936 non foi un acontecemento novo nin sorprendente; á parte de sucesos máis recentes, como foron as represalias durante o reinado de Fernando VII, con motivo do restablecemento do absolutismo, ou as “cuestións universitarias” nos derradeiros tempos de Isabel II e comezos da Restauración⁹, enmárcase nunha longa serie de episodios no acontecer histórico, que se manifesta na noite dos tempos como perda política ou económica (perda da terra de orixe), relixiosa (o Edén, A Meca), psicolóxica (a perda da infancia ou da xuventude), existencial (da inocencia), cíclica (da luz de cada día), do oral á escrita ou viceversa (na diáspora, polo mundo adiante)¹⁰. Os gregos practicaban o exilio na modalidade de ostracismo (baseada en votacións secretas que decidían se o cidadán debía ser desterrado)¹¹. A imaxe bíblica do home desterrado do Paraíso induciu xa nos comezos o vivir solitario dos monxes e eremitas. Eran exiliados que preparaban o retorno ao verdadeiro país. A esixencia de non adiantar os goces ultraterreais fundamentaba a vida ascética¹².

⁵ Para preparar esta parte teórica sobre o exilio interior, fixemos varias lecturas, entre elas as seguintes: Roland Jaccard, *El exilio interior*, Barcelona, Azul, 1999; Fernando Lázaro Carreter, *La fuga del mundo como exilio interior* (Fray Luis de León y el anónimo del Lazarillo), Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca, 1985; José M^a Naharro-Calderón (coord.), *El exilio de las Españas de 1939 en las Américas: “Adónde fue la canción?”*, Barcelona, Anthropos, 1991; José M^a Naharro-Calderón, *Entre el exilio y el interior: el “entresiglo” y Juan Ramón Jiménez*, Barcelona, Anthropos, 1994; Paul Ilie, *Literatura y exilio interior*, Barcelona, Fundamentos, 1981; Miguel Salabert, *El exilio interior*, Barcelona, Anthropos, 1988; Viktor E. Frankl, *El hombre en busca de sentido*, Barcelona, Herder, 2001, 21^a edición.

⁶ M. Moliner, *Diccionario del uso del español*, Madrid, Gredos, vol. I, p. 1254.

⁷ Seguimos a José M^a Naharro-Calderón, *Entre el exilio y el interior: el “entresiglo” y Juan Ramón Jiménez*, Barcelona, Anthropos, 1994, p. 25.

⁸ Paul Ilie, *Literatura y exilio interior*. Barcelona, Fundamentos, 1981, p. 19.

⁹ Máis recente aínda, habería que referirse aos tempos da Ditadura de Primo de Rivera ou incluso durante a mesma Segunda República.

¹⁰ Naharro-Calderón, *Op. cit.*, 1994, pp. 15-16.

¹¹ Ilie, *Op. cit.*, p. 15.

¹² Véxase Fernando Lázaro Carreter, *La fuga del mundo como exilio interior* (Fray Luis de León y el anónimo del Lazarillo), Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca, 1985, p. 16.

Estamos diante dun fenómeno complexo. Mentres no modelo antigo a dicotomía ausencia/presencia, marxe/periferia parece totalizarse a priori (lembramos os desterrados antigos), no modelo cultural moderno o centro de referencia obriga a repensar o fenómeno como algo descentrado e plural. Naharro-Calderón¹³ maniféstase no sentido de que, se ben é verdade que todo intento de datar con precisión as fontes do fenómeno do exilio tropeza coa falta de fiabilidade dos datos e co paradoxo de que buscar as orixes do exilio lévanos ao propio exilio das orixes, tamén o é que o noso coñecemento da historia das fontes é proporcional á capacidade do propio exilio de superar as barreiras de exclusión e olvido que lle impón a comunidade que executa a sentenza do ostracismo.

O exilio é moito máis cá falla de contacto físico co que se deixa atrás. É tamén un conxunto de sentimentos e crenzas que deixan illado ao exiliado¹⁴. Outra das características dos exiliados é a esperanza na posibilidade de retornar ao seu país ou lugar de procedencia, unha vez pasada a situación que os fixo saír. En España, a Guerra [in]Civil provocou en moitos casos o exilio dos republicanos até a chegada da democracia. Esa característica esta relacionada coa forza moral da expulsión, que preserva viva a esperanza no retorno, ao mesmo tempo que se reforza cun carácter de resistencia a identidade anterior.

O exilio busca válvulas de escape, como é a práctica da escritura (literatura) para os desterrados. Neste caso, teñen vantaxe os escritores, onde a historia rexistra a triste fecundidade con moi diversas reaccións. No texto sinalado, Lázaro Carreter¹⁵ lévanos con mestría á pluma do mourisco Ricote, que explicaba a Sancho Panza a súa pena por España, aos desterrados numerosos, dende os liberais de principios do XIX ate o republicanismo de 1939. Algúns combatentes, no seu extremo desesperado de victoria, vólvense contra o que queda atrás e queiman os barcos en radical ruptura co país. Forxado un ideal inaccesíbel, renúnciase á ilusión. Os xesuítas expulsados a finais do setecentos, recrean a patria noutra patria.

Outra das características do exilio é a sorpresa. Hai comunidades xa identificadas co fenómeno do exilio como constante vital, como foi o pobo xudeu ao longo da Historia. Este tipo de exilio desenvolve mecanismos de resistencia da espera e da adaptación, de supervivencia.

O exilio, pola súa mesma natureza, rexeita calquera tipo de xeneralización, aunque forme parte dun colectivo. O exilio preséntase como unha experiencia individual¹⁶. Houbo exemplos dos que non quixeron exiliarse, e afrontaron con enteireza a propia represión.

¹³ Naharro-Calderón, *Op. cit.*, p. 17.

¹⁴ Ilie, p. 7.

¹⁵ Véxase F. Lázaro Carreter, *Op. cit.*, pp. 10-11.

¹⁶ No estudo de Viktor Frankl, *El hombre en busca de sentido*, achamos referencias a esa experiencia, que se traduce en liberdade espiritual, que comporta en situacións límite –no seu caso, nos campos de concentración– decisións íntimas e persoais, mantendo intacta a súa dignidade humana. Outros aspectos, tales como buscar sentido á vida, ter un obxectivo para poder sobrevivir, cómo un pode sobrepoñerse a situacións adversas, ter ilusión na vida, cómo inhibe a autoridade ou como os bos ían a fogueira, poderían servir de correlato a moitas das cuestións que aquí estamos a tratar.

Con relación á actitude dos demais, cabe dicir que o exilio é sempre desfavorable para a persoa que o sofre. Coa expulsión, búscase impedir calquera contribución súa á propia comunidade. Por outra parte, tense constatado que, no caso do exilio exterior, prodúcese, ás veces ironicamente, unha fonte ambivalente de desgracia e de riqueza, tanto para o desterrado como para as comunidades que os acollen.

Dicir tamén que o mesmo descontento que sofre o que se vai fóra do país pode experimentalo o que queda nel. O exilio dos que se quedan aseméllase á dimensión psicomoral do emigrado.

Cando o exilio cobra forza, institucionalízase. Paradoxalmente é entón cando perde capacidade de resposta, apágase progresivamente diante doutras preocupacións. Hai falta de pervivencia. Contribúe ao esquecemento. Permanece aínda así, sen se esquecer de todo, como fosilizado.

Tense falado tamén do exilio [exterior] como sorte. Decía Carmen de Zulueta (filla de Luis de Zulueta e sobriña de Julián Besteiro, os dous con fortes conexións con Galicia), alumna da ILE e do Instituto-Escuela¹⁷ (por certo, as conexións dos mestres depurados coas ideas institucionistas sería outro interesante tema específico de reflexión: A ILE nace como consecuencia dunha depuración e remata con outra), na presentación do libro do que é autora, *Caminos de España y América*¹⁸, que o exilio non foi para ela unha desgracia, senón unha sorte, “un golpe del destino que le permitió, sobre todo, aprender muchas cosas”. Nese mesmo sentido, o creacionista Guillermo de Torre, en *La aventura y el orden* decía: “El exilio habrá prestado a los escritores españoles un beneficio incalculable, una experiencia vital y espiritual del mayor alcance, que de otra suerte pocos habrían resuelto: el conocimiento y el loor de América”¹⁹.

Das dúas importantes variedades de exilio, o exilio exterior e o exilio interior, imos, pois, centrar a nosa exposición na segunda acepción, a miúdo en relación á primeira. Non pretendemos, nin moito menos, facer unha exposición exhaustiva do tema. Soamente apuntar algunhas ideas, a modo de flashes.

2. O exilio interior. Formas ou modalidades

No intento de facer un retrato psicolóxico do home de hoxe, Roland Jaccard²⁰ ofrécenos unha visión fundamentada na necesidade de exilio interior da persoa, produto, en certa maneira, da propia debilidade humana. Comenta como o “exilio interior” é esa fuxi-

¹⁷ Nacida en Madrid en 1916, o estalido da guerra sorprendeuna en Roma, onde seu pai ocupaba o cargo de embaixador diante da Santa Sede. De alí comezou o seu exilio, que a levaría ao Reino Unido, Francia e Colombia, onde se licenciou e Filosofía e Letras e obtivo unha beca para ampliar estudos en EEUU, onde reside e leva ensinado Lingua e Literatura españolas, en distintas universidades.

¹⁸ Editado polo selo de Publicaciones de la Residencia de Estudiantes, Madrid, 2004. Véxase “Crónica. Presentación de *Caminos de España y América*, de Carmen de Zulueta”, *BILE*, 56 (decembro 2004), p. 109.

¹⁹ Guillermo de Torre, *La aventura y el orden*, Buenos Aires, Losada, 1943, p. 322.

²⁰ R. Jaccard, *El exilio interior*, Barcelona, Azul, 1999.

da da realidade cálida, vibrante, directa; o repregarse sobre o propio *eu*, o refuxiarse no imaxinario. Ate o século XVI non era así. O home da época moderna vive no mundo de “cada un en si”, do “cada un dentro de si”. Supercontrolado dende o exterior, autocontrolado dende o interior, prima a dimensión do privado, do persoal, do íntimo.

Non é esa, claro está, a forma de exilio interior que imos tratar aquí, aunque moitas das características psicolóxicas sinaladas están presentes: a experiencia íntima, o sufrimento persoal, a necesidade de autocontrol, a dimensión do privado. Nós imos referirnos ao “exilio interior” en contraposición ao “exilio exterior”, como situación vivida polos mestres que non saíron do país, aunque tamén é verdade que podíamos facer referencia ao propio exilio interior dende a experiencia no exterior. Tal como aquí o entendemos, é dicir, como vertente do drama vivido por moitas persoas arredor da contenda de 1936, esta forma de exilio foi, moitas veces, de maior dimensión que a propia traxedia do exilio exterior.

Di Lázaro Carreter, no seu citado traballo *La fuga del mundo como exilio interior (Fray Luis de León y el anónimo del Lazarillo)*²¹, estudio breve a propósito dunha conferencia no Paraninfo da Universidade de Salamanca, que, no pasado réxime, trunfou o termo “exilio interior” para recubrir a actitude dos que, diante dunhas determinadas circunstancias sociopolíticas, insolidarios con elas, se recluirón co seu proceder e coa súa obra nos confíns da conciencia. O autor recordábanos a Dámaso Alonso, quen trazou no seu día unha distinción entre poesía arraigada e desarraigada. A segunda presenta unha actitude incompatible co mundo do contorno. Pasa con xesto esquivo sobre as cousas e vai dereita a revelar a inxustiza e a dor. A nosa poesía da posguerra acomodouse a esas dúas categorías. Pregúntase agudamente o propio Lázaro Carreter se a primeira (a poesía arraigada) non pode ser tamén unha forma de desarraigo, como evasión do cotián, como refuxio no soñado. De entre os poetas da Xeración de 1927, Vicente Aleixandre e Gerardo Diego non abandonaron España despois da guerra²². En 1944, Vicente Aleixandre, poeta do exilio interior, en *Sombra del Paraíso* álzase contra a España en ruínas da posguerra, facendo estética ou existencialismo, mentres Dámaso Alonso ou Labordeta clamaban diante da estéril inxustiza do mundo. Non hai período na nosa historia que non contara cunha forma ou outra de exilio interior. Góngora, profesor salmantino sometido a dolorosas miserias da vida académica, despois dos cincuenta anos, cansado da loita mundana, fíxose hermético, construíu un territorio para a residencia do seu espírito, en *Soledades*. Frai Luis de León, en *Los Nombres de Cristo*, trazaba unha imaxe da vida como peregrinaxe deica á terra prometida. É o poeta da fuga.

Pero esta forma de desterro só é unha entre varias posíbeis. Hai fuxidas deica á nostalgia do paraíso da infancia ou da xuventude antes sinaladas, o referido á fuxida nas soledades, ao modo gongorino. Pero hai máis: a acción no linde do posíbel, disputándolle ao opresor parcelas de liberdade; o silencio, a mudez absoluta. Hai outra máis radical, a de ocultarse radicalmente do mundo despois de telo denunciado con sarcasmo. Este é o camiño que Lázaro Carreter analiza no anónimo do *Lazarillo de Tormes* e ao que se lle

²¹ Lázaro Carreter, *Op. cit.*, pp. 11 e ss.

²² Ilie, *Op. cit.*, p. 130.

levan posto distintos nomes. Estamos diante da obra orixinal dun auténtico “emigrado interior”. Se cadra a persecución inquisitorial xustificou a ocultación. Pero, tería abondado para conxurar o perigo, facer unha declaración de propósitos no limiar, como sinala o autor do traballo. Non parece, pois, que fora o esconderse. A conclusión á que chega Lázaro Carreter é que foi escrito por un “out sider” que, farto deste mundo, sae del. Non lle importa, nin tan sequera, a gloria do artista. Non foi o medo, senón o asco, o desengano, o que determinou o anonimato. Unha interpretación moi interesante para o que aquí estamos a tratar.

O exilio interior ten que ver tamén co amordazamento, coa situación de non querer deixarse ver nin oír, anque sen renunciar a vivir os acontecementos. Francisco Ayala, ao comentar *La gallina ciega* de Max Aub, di: “(...) me sorprendió al hablar con ellos –pues se trataba de antiguos republicanos que debieron padecer el llamado “exilio interior”- el que todos indefectiblemente torcían el gesto con leve desaprobación al mencionarlo”²³.

Dende o punto de vista psiquiátrico, o exilio interior significa alienación, un repregarse sobre si mesmo, “como o caracol na súa concha”.

Hai, pois, no sentido que aquí queremos darlle a este modesto traballo, distintas formas de exilio interior, distintos “exilios interiores”: o cárcere, a clandestinidade política, os traslados, o silencio e o esquecemento, o rexeitamento dos demais (da sociedade triunfalista), o desengano, a culpabilidade, a espera, a penuria económica, a non posibilidade de acceso á escola, o exilio dos amigos, da cultura, a negación da escrita, o exilio da familia (da muller, dos fillos), a non renuncia a vivir os acontecementos, a pesar do amordazamento ao que se está sometido, a desinformación, etc. Pasamos a precisar con brevidade algúns deles, respecto a situación vivida na época que estamos a comentar:

a) O cárcere

Tomo esta idea de exilio do citado texto de Naharro-Calderón²⁴, quen no prólogo manifesta: “entre la general alegría de la niñez flota la neblina de una espera incierta en la alameda de Burgos a que volviera mi padre de sus largas visitas a un señor (la prisión donde purgaba su “exilio interior nuestro común amigo Silverio Ruiz Daimiel”), visitas que demoraban a continuidade da viaxe a Celorio (Asturias).

b) Os traslados

Este afastamento, voluntario ou forzoso, con carácter planificado en moitas sociedades, foi practicado dende a antigüidade. Estamos a referirnos, claro está, ao exilio exterior. Herdeiro deste tipo de exilio é o exilio interior, en principio entendido como desterro dentro das propias fronteiras do mesmo Estado. Como veremos máis adiante, deuse con forte intensidade no caso dos mestres e mestras depurados.

²³ Francisco Ayala, “Una gallina ciega”, *Ínsula*, 320-321 (1973), p. 1.

²⁴ Naharro-Calderón, Op. cit., 1994, p. 9.

c) O exilio latente

Está relacionado coa fosilización e o olvido. Tomo igualmente o cualificativo de Naharro-Calderón²⁵, referido aos escritores, que viviron moi intensamente tamén os sucesos de 1936. Cando a mediados dos anos corenta o réxime empezou a facer “vista gorda”, debido a que as estruturas político-culturais do franquismo xa eran o suficientemente estancas e non había perigo, a propia reacción dos exiliados, recelosos, separábaos máis. É un momento de “exilio latente”. O ostracismo prolóngase tanto nos escritores dos que nos fala o autor como noutras manifestacións. Tras o fracaso da espera, o discurso vólvese acedo, baixo a perspectiva do olvido. Más adiante no tempo, co fenómeno da transición española, transición pactada e non “rupturista”, eliminou a posibilidade de desenterrar erros exiliados, que quedaron esquecidos²⁶.

d) A culpabilidade

Unha das consecuencias da situación logo no Franquismo foi a culpabilidade dos que se quedaron. Non faltou entre a xente quen se queixase de que os anteriores tiveran máis oportunidades, de ter mellores mestres. Dalgún xeito botáronlle a culpa aos que quedaron, fraccionados e disipados²⁷.

e) O “autismo social”

Fago uso do termo utilizado por Miguel Salabert²⁸, quen na Introducción á súa novela *El exilio interior* sinala que, afortunadamente, son moitos os que non cren que o franquismo sexa unha historia remota. Continúa enquistado en hábitos e modos profundamente enraizados. No “exilio interior” inclúe a todos os que se resistiron pasivamente ou aos que a única colaboración co franquismo consistiu en non loitar activamente contra el. Nese senso, o exilio interior era, en dúas palabras, “autismo social”. Na devandita novela de Miguel Salabert preséntanse algunhas das constantes que constatamos na nosa investigación sobre *Historias de vida*, referidas aos mestres pontevedreses depurados polo réxime franquista: calar -nunha sociedade dividida entre vencedores e vencidos- diante das multas por feitos imaxinarios como blasfemar, absterse de manifestar o que sentían, aguantar o que fose, cos posteriores problemas cardíacos dos que viviron situacións límite no cárcere ou acubillados, etc. Tratábase de sobrevivir.

f) O exilio da cultura

Con ese termo queremos significar os atrancos para acceder á cultura. Ademais do radicalismo dos primeiros tempos, das dificultades que tiveron os directamente implicados e as súas familias, ese tipo de exilio permaneceu longo tempo durante o franquismo. Todos lembramos os requisitos necesarios para entrar no Maxisterio, aínda nos derradeiros tempos do franquismo: informe do cura, da garda civil; máis atrás, bos costumes,

²⁵ *Op. cit.*, p. 35.

²⁶ Véxase Xavier Rubert de Ventós, *El laberinto de la Hispanidad*. Barcelona, Planeta, 1987.

²⁷ Véxase Dionisio Ridruejo, *Sombras y bultos*. Barcelona, Destino, 1977, pp. 16-17.

²⁸ Véxase Miguel Salabert, *El exilio interior*. Barcelona, Anthropos, p. 10.

adhesión ao réxime, etc. Sen contar coa derivación que colleu a propia formación do profesorado cos planos de estudos que se arbitraron.

g) O exilio da familia

Situacións límite, incompreensións, reacción psicolóxicas fronte ás calamidades vividas. Respecto á reacción da muller do propio protagonista, sinala Miguel Salabert que [ela] necesitaba dunha referencia concreta (o home estaba no cárcere), éralle preciso poder explicar a vida que vivía; un dos fillos afiliase á Falanxe...

h) A marxinação na escola

O rexeitamento na escola. Continuando coa novela de Salabert, o profesor do protagonista era un cura “esguilfo”, só se dirixía a el [ao protagonista] cando había que limpar o encerado ou ir polo mapa:

“Aprendín a ‘amar a la patria’ nas leccións emocionadas da Historia. Aprendín que a Garda Civil enfrontou aos pobres cos ricos, os pobres eran os malos, polo que eu era malo. Ser rico era ter bocadillo, era tamén ser libre. Os demais xogaban ao balón sen preocuparse dos zapatos. Incluso algún se privaba dunhas perras para darllas ao mendigo. Exercer a caridade era unha virtude de luxo. Seguramente o mendigo perdera o que lle faltaba dun brazo loitando contra os ricos. E agora tiña que volver a eles para tenderlles a outra man como arrepentido. Ir ao Instituto era un luxo. Algúns elixiron a convento para estudar. Achabas o refuxio no estudo. Se quitabas boas notas, tiñas posibilidades. Do contrario, tiñas como castigo o mundo...[a tradución é nosa]”

i) A desinformación

O *Faro da Cultura*, a propósito de “O exiliado e a primavera”, de Manuel Veiga²⁹, ilustra con dúas modalidades de exilio: un forzado por sobrevivir e outro pola desinformación, sobre todo nas novas xeracións. Exemplos da primeira foron as distintas formas de enfrontamento coa dictadura. Uns, dende a tolemia; outros, dende a aceptación. O artigo reflicte a desmemoria da sociedade tardofranquista e o desengano dos exiliados que voltaron á terra naqueles anos. Un dos factores da desmemoria foi a sociedade de consumo; os anos 60 foron de crecemento económico, fronte aos 40 e 50, de moitísima fame, especialmente os 40, que tardaron en esquecerse. Pero estaba tamén a desinformación por parte da mesma sociedade.

3. O caso do exilio interior dos mestres e mestras galegos depurados polo réxime franquista

Unha vez sinaladas as características do exilio interior e amosar algunhas das súas modalidades, imos facer referencia ao que pasou con algúns mestres en Galicia, especialmente da provincia de Pontevedra, con motivo da depuración. Deixamos á parte o oco-

²⁹ Manuel Veiga, “O exiliado e a primavera”, *Faro da Cultura* (Faro de Vigo), 18-11-2004.

rrido nos Institutos ou na mesma Universidade. Coas depuracións desaparecían a maioría dos mestres aos que conseguira formar a República. En menor medida foron depurados os profesores de Bacharelato³⁰.

Entre as causas da reacción contra os mestres estaba o que se vén sinalando como “a morte da Cultura”, que formaba parte dun plan estratéxico máis amplo. Como exemplos, vallan o asasinato de García Lorca, os ataques aéreos contra a Biblioteca Nacional e o Museo do Prado ou o agresivo resentimento do Goberno de Burgos cara a todo o que se puidera relacionar con calquera cuestión intelectual³¹. Pero, en definitiva, o que se pretendía era axustar o perfil ideolóxico do profesorado á nova escola que se pretendía implantar³².

Os datos que manexamos forman parte dun proxecto global sobre a depuración do Maxisterio na provincia de Pontevedra, que, metodoloxicamente, se basea fundamentalmente en dúas técnicas de recollida de datos: as historias de vida e a técnica de exploración documental de arquivo.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de 1 de setembro de 1936, facía pública, de parte do gobernador civil, Ricardo Macarrón Piudo, e para coñecemento dos interesados, unha resolución de 420 mestres e mestras, que “se suspenden de sus cargos”. A resolución, asinada o día 30 de agosto, comprendía 398, aos que se lle engadiron o resto (22 mestres e mestras) o 31 de agosto. Na relación, figura en primeiro lugar Gonzalo Martín March, Gobernador civil de Ourense, que fora mestre da Preparatoria do Instituto de Pontevedra, e que foi fusilado.

Entre as razóns e motivos, sinálase que

“al producirse el actual movimiento del Ejército, secundado felizmente por la Nación, ha podido observarse que las actividades políticas y sociales de buen número de Maestros, su falta de respeto a la moral cristiana y su comportamiento profesional de los mismos en las Escuelas, han sido factores que contribuyeron con punible eficacia a fomentar el estado caótico y anárquico del país (...)”.

Engádese que

“hay Maestros que, ciertamente, no pueden, por su desgracia, ser llamados a compartir con los buenos españoles la nobilísima tarea que se impone como necesidad apremiantísima en este momento histórico (...). Otros han de apartarse temporalmente de sus cargos, por motivos que así lo aconsejan también, toda vez que los informes recibidos los presentan como no aptos, de momento, para servirlos, aunque podrán volver a ellos, una vez que, mediante amplias informaciones que ahora no pueden practicarse, demuestren su capacitación y celo profesional, juntamente con las condiciones indispensables para consagrarse a la enseñanza con las nuevas orientaciones a que esta ha de responder”.

³⁰ Sobre a Universidade durante o Franquismo, contamos cun traballo recente de José Álvarez Cobelas, *Envenenados de cuerpo y alma. La oposición universitaria al franquismo en Madrid (1939-1970)*. Madrid, Siglo XXI, 2004. O autor toma a primeira parte do título da definición que Carrero Blanco facía dos universitarios españois diante as Cortes en 1969.

³¹ Véxase A. Ramos Gascón, *El Romancero del Ejército Popular*. Madrid, Nuestra Cultura, 1978.

³² Véxase Francisco Morente Valero, *La escuela y el Estado Nuevo. La Depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)*, Valladolid, Ámbito, pp. 419 e ss.

Sinálase, así mesmo que

“puede haber también algún Maestro que se halle prestando servicio en el Ejército o en las Milicias nacionales, y, aunque sus Escuelas se provean interinamente, se hace la declaración de que conservan la propiedad de las mismas, debiendo los interesados elevar instancias a esta Gobierno civil, exponiendo cuanto estimen oportuno, por conducto y con informe de los jefes respectivos, para acordar la resolución que, en definitiva proceda, según el estudio que en cada caso se haga”.

Quedaban así provisionalmente suspensos dos seus cargos, “teniendo en cuenta los informes de la Guardia civil, autoridades locales e Inspección de Primera Enseñanza”, nada menos que 330 mestres e 90 mestras da provincia de Pontevedra, de distintos concellos da provincia, duns máis e doutros menos, pero practicamente de todos. Polos datos de que dispoñemos, dos 63 concellos de entón, só se salvaron Mondariz Balneario e Portas³³.

Ese foi só o comezo. A eles e a elas seguirían moitos máis a través do proceso de depuración:

“A la eliminación física de muchos profesores y profesoras en los primeros meses de la guerra, y a una represión desordenada dirigida por rectores y gobernadores civiles, le sucedió la depuración ideológica sistemática a través de la creación de un aparato represor implacable, creando organismos específicos con plenos poderes”³⁴.

Para iso créáronse as Comisións provinciais de depuración³⁵, xunto coa Comisión Superior Dictaminadora, órgano intermedio entre aquelas e o Ministerio de Educación Nacional, que tiña a última palabra.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 17 de decembro de 1936 insería unha Circular da *Comisión de Cultura y Enseñanza*, dirixida aos Vocais das Comisións Depuradoras de Instrucción Pública, dada en Burgos a 7 de decembro por Pemán (BOE, 10/12), onde se fai fincapé no carácter non só punitivo, senón preventivo das medidas tomadas:

“No se volverá a tolerar ni menos a proteger y subvencionar a los envenenadores del alma popular, primeros y mayores responsables de todos los crímenes y destrucciones que sobrecogen al mundo y han sembrado de duelo la mayoría de los hogares honrados de España”.

³³ Véxase A. S. Porto Ucha, *Historias de vida. O Maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e comezos do Franquismo*. Ponteareas, Alén Miño, pp. 79-87.

³⁴ Olegario Negrín Fajardo, “Normas para la depuración del profesorado español durante el franquismo 1936-1943”, en O. Negrín Fajardo (dir.), *Historia de la educación en España. Autores, textos y documentos*, Madrid, UNED, 2004, pp. 571-580.

³⁵ Comisión D) para o Maxisterio Primario, pola orde en que aparece na disposición (Decreto de 8/11/1936). As outras foron as Comisións A) (para Persoal Universitario), B) (para Escolas de Enxeñeiros e Arquitectos) e C) (para Ensinanzas Medias, Inspectores, Profesores de Escolas Normais e Persoal das Seccións Administrativas). En Pontevedra figuran no Comisión D) Secundino Vilanova Rivas, Catedrático de Instituto (Presidente), e Luis Pintos Fonseca, mestre (Secretario). En 1940 Vilanova foi substituído por Enrique Vidal (véxase Morente Valero, *Op. cit.*, pp. 228 e 250).

Os ataques ían especialmente dirixidos á Institución Libre de Enseñanza. A referida Circular engade:

“Los individuos que integran esas hordas revolucionarias, cuyos desmanes tanto espanto causan, son sencillamente los hijos espirituales de catedráticos y profesores que, a través de instituciones como la llamada “Libre de Enseñanza”, forjaron generaciones incrédulas y anárquicas”³⁶.

Temos dificultades para concretar o número de mestres e mestras “estatais” nos comezos da guerra de 1936 para establecer datos comparativos. Aos que estaban en activo habería que engadirle os excedentes, substitutos, interinos, en servicios especiais, alumnos-mestres do plano profesional, baixas, etc. En *La reforma educativa de la Segunda República Española*, Molero Pintado³⁷ apunta a cifra de 50.527 mestres nacionais en 1935. Pola súa banda, Morente Valero, no citado texto *La Depuración del Magisterio Nacional* sinala unha cifra de máis de 50.000 (concretamente 52.074 expedientes). Practicamente, todos. Por provincias, Asturias tiña 2.427 mestres, dos que foron depurados 2314 (o 95,34%)³⁸. Pontevedra tiña 1651, dos que sufriron depuración 1478 (o 89,52%)³⁹. O mesmo Morente Valero sinala que Pontevedra foi a provincia na que a Comisión depuradora provincial actuou con maior dureza. Pola contra, en Asturias sucedeu ao revés; tivo que actuar con maior endurecemento a Comisión Central do Ministerio, para correxir a actitude máis temperada da Comisión da provincia.

A práctica totalidade da depuración, a partir da actuación da Comisión provincial, produciuse principalmente entre 1937 e 1942. Durante este tempo someteuse á depuración o persoal docente que fora suspendido de emprego e soldo en 1936⁴⁰ e o resto do profesorado. Logo continuouse cos Expedientes de Revisión. O Xulgado Superior de Revisións funcionou até 1961, aunque seguiron realizando revisións de expedientes ate como mínimo finais dos 60. Temos contabilizados un total de 91 mestres e 9 mestras con resolución de separación do servicio e baixa no “escalafón” entre 1937 e 1942. Á parte estaban os trasladados fóra da rexión⁴¹ (contabilizamos provisionalmente 16), fóra da provincia (± 28), dentro da provincia

³⁶ Véxase A. S. Porto Ucha, A. S. (2005): *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia*. Sada -A Coruña, Edición do Castro, 2005, p. 319.

³⁷ Véxase Antonio Molero Pintado, *La reforma educativa de la Segunda República Española. Primer Bienio*, Madrid, Santillana, 1977, p. 418.

³⁸ Véxase Morente Valero, *Op. cit.*, p. 42, entre outras.

³⁹ Aínda sendo conscientes das limitacións dos Boletíns como fonte, un minucioso seguimento a través do BOE (1937) e do BOPP (1938-1942) permitiunos contabilizar provisionalmente un total de 1.802 depurados na provincia de Pontevedra. Morente Valero sinala que no AGA hai 1831 expedientes. A cifra non se aparta, pois, moito da aportada por nós. Con data 4 de xaneiro de 1939 aparecen no BOPP 221 depurados (moitos, do Plano Profesional), que non figuran na relación que inclúe Morente Valero no listado; tampouco aparecen os 22 de 1942 (entre eles, 18 sancionados con separación definitiva do servizo e baixa na escalafón).

⁴⁰ Se ben é verdade que nos primeiros momentos houbo precipitación e que algúns dos que estiveron suspensos logo non recibiron ningún tipo de sanción, a maioría deles, si. Sen descartar algún outro caso concreto, arredor deles xira a parte importante do proceso depurador nas sancións máis duras. Unha Circular da Comisión de “Cultura y Enseñanza”, inserida no BOE do 3/7/1937, ordenaba que as Comisións depuradoras darían preferencia na tramitación dos expedientes seguidos ao persoal que se encontrara suspenso de emprego e soldo.

⁴¹ Parece que os trasladados fóra da rexión estaban máis relacionados co cargo de “nacionalismo/separatismo”, aunque non respondera sempre á realidade.

(± 183), suspensión temporal de emprego e soldo (dende 1 a 24 meses; contabilizamos en torno a 165), inhabilitación para cargos directivos e de confianza en Institucións benéficas e de ensinanza (± 179), inhabilitacións como interinos, substitutos, expedientes de disciplina (para o caso de alumnos-mestres do Plan Profesional⁴²), xubilación forzosa, confirmación no cargo, habilitación para o desempeño de escolas, etc. Ás veces, as matizacións no tipo de sanción fan difíciles tipificar en categorías específicas concretas tales conxuntos.

Cadro 1. Mestres e mestras depurados na provincia de Pontevedra⁴³ (1936-1942)

Ano	Suspensión provisional		Depurados Por Resol. Super.			Separación do servizo e baixa no escalafón			Traslados fóra da rexión		
	(es)	(as)	(es)	(as)	TOTAL	(es)	(as)	Total	(es)	(as)	Total
1936	330	90									
1937			95	35	130	11	1	12	3	-	3
1938			449	633	1082	-	-	-	4	2	6
1939			111	151	262						
1940			211	68	279	58	6	64	5	2	7
1941			23	4	27	6	-	6	-	-	-
1942			20	2	22	16	2	18	-	-	-
TOTAL:	330	90	909	893	1802	91	9	100	12	4	16

(es) = Mestres

(as) = Mestras

Fonte: Elaboración propia a partir do BOE (1936-37) e o BOPP (1938-42)

Como pode observarse, o groso do proceso resolveuse en 1938 (afectou na súa maioría aos que foron confirmados no cargo⁴⁴), se ben en 1937 foran separados do servizo e dados de baixa da escala 11 mestres e 1 mestra. Ate 1938 os datos publicáronse no BOE. A partir dese ano, debido ao volume de casos, no Boletín Oficial da Provincia (BOPP). Foi importante o número de separados do servizo e dados de baixa na escala de mestres entre 1940 e 1942. Hai que ter en conta que estaban xa suspendidos de emprego e soldo dende 1936. Anque non imos proceder nesta ocasión a análise cuantitativa segundo o tipo de sancións e segundo a diferenciación mestres-mestras (principalmente no que afectou ás suspensións temporais de emprego e soldo, traslados e inhabilitación para cargos), as sancións máis duras inclináronse maioritariamente en contra dos mestres.

⁴² Foi o caso de Xaime Isla Couto, da terceira promoción mixta (1936) da Escola Normal do Maxisterio Primario de Pontevedra.

⁴³ En 1936 inclúense os suspendidos provisionalmente polo gobernador civil, que tiveron que volver pasar polo proceso de depuración, unha vez creadas as Comisións respectivas (que denominamos “Depurados por Resolución Superior”). Iso pode explicar a diferenza, respecto aos datos que aporta A. Costa no loubábel estudo recente de carácter máis amplo *Historia da educación e da cultura en Galicia (Séculos IV-XX)*, Vigo, Xerais, 2004, p. 1044. Por outra banda, a fonte de información que seguimos é o Boletín Oficial (do Estado e da Provincia de Pontevedra). Os datos seguen a ser, con todo, provisionais.

⁴⁴ 946 entre novembro-décembro de 1938, resultos con claridade: “con todos los pronunciamientos favorables”. Con esta mesma tipificación figuran 221 o 4 de xaneiro de 1939. Non se salvaron deste proceso nin os mesmos membros das Comisións depuradoras. Na relación do 4/1/1939 figura Luis Pintos Fonseca, pertencente á Comisión Depuradora de Pontevedra. O 12 de xaneiro de 1939 aparecen 41 máis “confirmados en sus cargos y en sus destinos”. Estábase a preparar o final da guerra, con aparentes e calculados xestos de xenerosidade.

Cadro 2. Mestres e mestras depurados na provincia de Pontevedra**RESOLUCIÓN DE SEPARACIÓN DO SERVIZO E BAIXA NO ESCALAFÓN. 1937-1942**

Apelidos e nome	Localidade	Concello	Boletín ⁴⁵
*Abal Padín, Segundo ⁴⁶	Castroguadín	Vilagarcía de A.	11-05-1940
Adrio Sobrido, Nieves	Angoareas	Ponteareas	17-01-1942
Alonso Arenas, José	Folgozo	Cerdedo	11-05-1940
*Alonso Pérez, Juan	Arbo	Arbo	04-10-1937
Álvarez Franco, Agustín	Carracedo	Caldas de Reis	17-01-1942
Ameijeiras Picallo, Manuel	Souto	A Estrada	11-05-1940
Ares Sánchez, José	Parada	A Cañiza	11-05-1940
Barreiro Calvete, Herminio	Vilanova	Vilanova de A.	17-01-1942
Bernárdez García, Jesús	Ponteareas	Ponteareas	21-03-1941
Bernárdez Gómez, Telmo	Pósito	Bueu	17-01-1942
Bernárdez Gómez, Jesús	Pósito	Cangas	17-01-1942
Bértolo Abril, José	Cillarga	Ponteareas	17-01-1942
Bertomeu Sandra, José M ^º	Couso	Campo Lameiro	11-05-1940
Blanco López, Samuel	S. Tomé de Nogueira	Meis	11-05-1940
Bouzas Sánchez, Francisco	Frades	Mondariz	17-01-1942
Briones Barca, Joaquín	Forzans	Pontecaldelas	17-01-1942
Cancela Guzmán, José	Dorrón	Sanxenxo	17-01-1942
Carbó Velilla, M ^º del Carmen	Ribadumia	Ribadumia	17-01-1942
Caselles Roldán, Teodoro	Remesar	A Estrada	24-07-1941
Castaño Priegue, José M.	Vilaxoán	Vilagarcía de A .	17-01-1942
Castillo Ferreiro, Ramón	Liñares	Forcarei	17-01-1942
Castro Dono, Ramiro	Pósito-Mariña	A Guarda	17-01-1942
Cid Rivero, Isidoro	Vigo	Vigo	17-01-1942
Cobas Fontenla, José M ^º	Vilanova	Cotobade	11-05-1940
Couto Mallén, Agustín	San Xulián	Marín	17-01-1942
Crespo Rodríguez, Benedicto	Areal	Vigo	11-05-1940
Críbeiro González, José	Donas	Gondomar	24-07-1941
De Saa Bravo, Luis	Illa de Arousa	Vilanova de A.	11-05-1940
Del Río González, Margarita	Pazos de Borbén	Pazos de Borbén	02-05-1937
Estévez Justo, Justo	A Picoña	Salceda de Caselas	04-10-1937
Farto Bravo, Rogelio	Alxén	Salvaterra	17-01-1942
Ferreira Requejo, Diego	As Estacas	Fornelos de Montes	20-06-1940

⁴⁵ A data do Boletín dos cadros 2 e 3 corresponde á Resolución definitiva. A maioría xa estaban “suspensos dos seus cargos” dende 1936.

⁴⁶ Os que figuran con asterisco foron mortos, fusilados ou paseados. A eles habería que engadir os nomes de Juan Abramo Dios (mestre natural de Currás-Tomiño), Germán Adrio Mañá (mestre da Graduada de Pontevedra), Joaquín Álvarez Álvarez (mestre de Arbo), José Cortés (mestre de Goián-Tomiño), Constantino Gómez Rodríguez (mestre de Setecoros-Valga), Antonio Mojón Vázquez (mestre natural da Cañiza), Eduardo Muiños Búa (mestre de Verducido-Xeve), Paulo Novás Souto (mestre da preparatoria do Instituto de Pontevedra), Manuel Pedreira, mestre de Forcarei), Benigno Rey Pavón (mestre pontevedrés, con escola en Penzol-Asturias), Víctor Sánchez Martil (mestre de Coiro-Cangas), Apolinar Torres López (mestre natural de Pontevedra, con escola na Graduada do Centro-Vigo), Xosé Vázquez Grela, mestre de Nigrán e Nicanor Villar Martínez (mestre natural de Redondela, con escola en Mazaricos-A Coruña). Non incluímos a Gumersindo Gastiasoro Ruiz, mestre de Darbo-Cangas, que, por erro, figura noutros traballos anteriores. Para o resto de Galicia, véxase A. Costa Rico, Historia da educación e da cultura en Galicia, op. cit., pp. 1058-1059; o autor presentou en Foz, con motivo das citadas IV Xornadas de Historia da Educación sobre A manipulación e a recuperación da memoria escolar. A escola e os mestres na II República o no franquismo (Foz, 18 a 22 de xullo de 2005) unha relación exhaustiva sobre este tema.

Fraile Pampín, Andrés	Nantes	Sanxenxo	04-10-1937
Fuertes Carbajal, Domingo	Villalón ⁴⁷		02-05-1937
*Fraiz Villanueva, Víctor	Coia	Vigo	17-01-1942
*Gallego Camarero, Hipólito	Forcadela	Tomíño	04-10-1937
García Barros, Manuel	S. Pedro e S. Tomás	A Estrada	20-06-1940
García Casalderrey, José	Frades	A Estrada	11-05-1940
Gastiasoro Ruiz, Gumersindo	Darbo	Cangas	11-05-1940
Golmar Rodríguez, Jesús	Meixome	Lalín	20-06-1940
*Gómez Rodríguez, Costantino	Setecoros	Valga	20-06-1940
González Conde, Domingo	Sobradelo	A Cañiza	20-06-1940
González Gómez, Juan	Oeste	Catoira	20-06-1940
González Vicente, Ricardo	Vigo	Vigo	11-12-1940
Iglesias Constenla, Manuel	Noalla	Sanxenxo	20-06-1940
Jorge Franco, Manuel Salustiano	Outeiro	Sanxenxo	11-05-1940
Juárez Crespo, Antonio	Freixeiro	Vigo	11-05-1940
Juncal Paredes, Manuel	O Porriño	O Porriño	24-07-1941
Lobato Castaño, Francisco	Abalo	Catoira	20-06-1940
Lobato Gamallo, Manuel	S. Xulián de Veá	A Estrada	20-06-1940
Lois Cerviño, Emilio	Igrexario	Cotobade	11-05-1940
López Varela, Fermín	Pardesoá	Forcarei	11-05-1940
Luces Iglesias, José	Vilasobroso	Mondariz	11-05-1940
Magariños Granda, Francisco	Bermés	A Estrada	11-05-1940
Mahúquez Barrera, Amadeo	Petán	A Cañiza	20-06-1940
Martínez Buján, Juan	Deiro	Vilanova de A.	11-05-1940
Martínez Pereiro, Manuel	Redondela	Redondela	04-10-1937
Martínez Santos, Peregrina	Rouxique	Sanxenxo	11-05-1940
*Meis Martínez, José	Seixo	Marín	11-05-1940
Mencía Roig, Andrés	Chapela	Redondela	11-05-1940
Méndez Rodríguez, Benito	Acibeiro	Forcarei	04-10-1937
Méndez Rodríguez, Isolina	A Igrexa	Forcarei	11-05-1940
Núñez Zarazo, Carlos	Solobeira	Vilagarcía	20-06-1940
Ozón Martínez, Eulogio	Sta. María de Sacos	Cotobade	04-10-1937
Ozón Martínez, José M ^º	Mosende	O Porriño	11-05-1940
Pais Llorens, Joaquín	Redondela	Redondela	11-05-1940
Panadero Charlín, M ^º Concepción	Coia	Vigo	11-05-1940
Pardellas Puga, Gonzalo	Arcos	Ponteareas	11-05-1940
Pascual Villegas, Luis	Areal	Vigo	21-03-1941
Pazo Álvarez, Eduardo	Somoza	A Estrada	11-05-1940
Pedreira Pozo, Manuel	Barrio Meavía	Forcarei	04-10-1937
Pereira Paz, Vicente	Randufe	Tui	11-05-1940
Pereira Solla, Bernarda	Sanxenxo	Sanxenxo	11-05-1940
Pérez Fernández, Manuel	Negros	Redondela	11-05-1940
Piñeiro Camiña, José	Hío	Cangas	11-05-1940
Ramallo Gómez, Benito	Baiona	Baiona	11-05-1940
Ramírez Pérez, Ignacio	Cumiar	Ponteareas	11-05-1940
Rey García, Aurelio	Cuntis	Cuntis	11-05-1940
Rey Vázquez, Manuel	Portonovo	Sanxenxo	11-05-1940
Rodríguez Gormaz, Asunción	Barrio de Ribadavia	Vigo	11-05-1940
*Rodríguez Méndez, Alfonso	Sanxenxo	Sanxenxo	17-01-1942
Rodríguez Novo, Adolfo	Pexegueiro	Tui	11-05-1940

⁴⁷ Citado por Morente Valero, *Op. cit.*, p.760. Villalón non existe en Galicia nin como poboación nin como concello. Segundo o noso modo de ver podería tratarse dun erro. Se cadra a procedencia real habería que situala en Vilalonga Concello de Sanxenxo.

Rodríguez Rodríguez, Amando	Baredo	Baiona	11-05-1940
Romero Calvo, Enrique	Eiras	O Rosal	04-10-1937
*Sáez Ruiz, Vicente	Coiro	Cangas	11-05-1940
Santos Cobas, Raimundo	Fornelos da Ribeira	Salvaterra	11-05-1940
Simón Alonso, José	As Regadas	Arbo	11-05-1940
Sobreira Fernández, José	S. Roque	Arbo	11-05-1940
Soliño Pintos, Francisco	Alcabre	Vigo	11-05-1940
Soto Fernández, Luis	Mondariz	Mondariz	11-05-1940
Torres González, José	Ouzande	A Estrada	11-05-1940
Torres Pérez, Estanislao V.	Vilalonga	Sanxenxo	11-05-1940
*Trabazo Serapio, Víctor	Xil	Meaño	11-05-1940
Varela Buela, Francisco	Cerdedo	Cerdedo	11-05-1940
Vázquez Rey, José Antonio	Pontecesures	Pontecesures	09-07-1937
Vence Guerra, David	S. Xorxe de Veá	A Estrada	11-05-1940
Vidal Bustamante, Enrique	Preparat. do Instituto	Vigo	11-05-1940
Viéitez Iglesias, José	Cristiñade	Ponteareas	24-07-1941
Viéitez Soto, José	Magán	Cuntis	11-05-1940
Villaverde Rey, Juana	Sobradelo	Vilagarcía	11-05-1940

FONTE: Elaboración propia a partir do BOE (1937) e o BOPP (1938-42).

Cadro 3. Mestres e mestras depurados na provincia de Pontevedra

SANCIONADOS CON TRASLADO FÓRA DA REXIÓN⁴⁸

Apelidos e nome	Localidade	Traslado a	Boletín
Álvarez Blázquez, José M ^º	As Olivas-Tui	Zamora	05-01-1938
Álvarez Gallego, Emilio	A Seca-Pontevedra	Cáceres	05-01-1938
Blanco Alfaya, Fermín	Ventose-la-Redondela	Palencia	11-07-1937
Del Río Besada, Luciano	Paredes		11-05-1940
Eiras Abad, Segundo	San Mateo de Oliveira-Ponteareas	Palencia	11-07-1937
García Guiance, Gonzalo	Portela-Rodeiro		02-06-1940 ⁴⁹
Garrido Álvarez, Jesús	Zamar-Vilagarcía	Palencia	11-07-1937
Lago Búa, Marina	Rande	Zamora	05-01-1938
Martínez Pereira, Joaquín	Santiago de Ribarteme		02-06-1940
Otero Ulloa, Vicente	Aguións-A Estrada		11-05-1940
Nogueira Barrenechea, Isolina	Vigo		02-06-1940
Paz Sueiro, Juan	Vilanova		02-06-1940
Pintos Mínguez, Antonio	Baión		02-06-1940
Rodríguez Rodríguez, Corona E.	Sanguñeda-Mos	Ávila	05-01-1938
Ron Cabarcos, José	Salcedo-Pontevedra	Salamanca	05-01-1938
Taibo García, Victoriano	Morgadáns-Gondomar	Valladolid	05-01-1938

FONTE: Elaboración propia a partir do BOE (1937) e BOPP (1938-42).

Sinala Borja de Riquer na presentación do libro de Morente Valero⁵⁰ que cando o 1 de abril de 1939 Franco anunciou que a guerra acabara, faltou descaradamente á verdade. A guerra civil durou moito máis. O espírito da victoria e a división entre vencedores e vencidos mantívose. Ese espírito manifestouse rotundamente coa persecución sistemática, a

⁴⁸ Moitas veces a sanción de traslado fora da rexión non especificaba a provincia de destino. Esta é unha constante que se repite mesmo no BOE como no BOPP

⁴⁹ Os datos do 2 de xuño de 1940 foron publicados tamén no boletín do día 4 de xuño.

⁵⁰ Véxase Borja de Riquer i Permanyer, "Presentación", en Francisco Morente Valero, *La escuela y el Estado Nuevo*, *Op. cit.*, pp. 13-22.

humillación do derrotado e a arrogante ostentación do ganador. Foi a continuación da guerra por outros procedementos. Non houbo reconciliación nin olvido. Había que acabar con toda diversidade, tanto política, ideolóxica ou relixiosa, como cultural ou lingüística.

Dos exemplos ou ilustracións (retratos) dalgúns mestres que sufriron “exilio interior”⁵¹, podemos tirar algunhas características e variedades. Unha das características da represión foi a aversión e o desprezo co que se tratou aos vencidos. Iso explica o trato que tiveron tanto algúns dos fusilados coma o asaño cos que foron “paseados”. Constatámolo no seguimento das “Historias de vida”. Apréciase tamén unha importante perversión. Nalgúns casos a “suspensión no cargo” aparece no Boletín Oficial xa despois de paseado e fusilado.

Respecto á sorpresa, eu creo que aos mestres e mestras aquela circunstancia debeu collelos “descolocados”. Esta mesma sorpresa e falla de capacidade de reacción, impedíulles, nalgúns tristes casos, escapar dunha morte segura. Outra das características do exilio interior foi a supervivencia. Respecto á actitude, non é sinxelo xeneralizar. Depende de moitas circunstancias persoais, da familia, dos fillos, etc Cada caso que estudiamos é un mundo distinto. O que parecía xustificable nun caso, xa non o era para o seguinte.

Ademais do rexeitamento dos demais, houbo que sobrevivir da axuda dos outros. Coñezo experiencias ao efecto dos que tiveron que vivir case que da mendicidade, practicada por eles mesmos ou polos seus fillos ou familiares próximos.

Respecto ás posibilidades no retorno, tiñanse postas as esperanzas nos acontecementos mundiais da Segunda Guerra Mundial, que posibilitase a caída do Franquismo. Tampouco foi así.

O pasado non se esqueceu de todo. Deuse unha especie de fosilización. Anque con moito incerteza, permaneceuse á espera. Algúns dos mestres aos que accedemos, viviron esa espera no seu exilio interior ate o final da dictadura.

¿Utilizaron os mestres no seu exilio interior a literatura como forma de expresión? Si, no que se refire a lectura. Respecto á escritura, a cousa xa era distinta, agás notábeis excepcións, ademais da práctica da comunicación por correo. Debo dicir, sen embargo, que queda unha literatura tráxica, arrepicante: a dos que estaban “en capela”, esperando o momento tráxico das sentencias, dispoñendo as últimas vontades.

De entre as variedades de exilio interior constatadas nas entrevistas, chamounos especialmente a atención o exilio do ocio e dos amigos. Este foi o caso, entre outros, dun mestre⁵², que lle “pasearon” a un amigo co que adoitaba tomar café, desde entón “ende-xamais saíu a tomar café fóra da casa”.

Certamente, unha das modalidades máis frecuentes de exilio interior dos mestres foi o cárcere. Outra variedade foi a de se agochar. Algún dos coñecidos permaneceron máis ou

⁵¹ Remitimos á reconstrución biográfica dos mestres pontevedreses que figuran en *Historias de vida*, *Op. cit.*, pp. 97-259.

⁵² Trátase de Bernardo Álvarez Arias, mestre de O Porriño en 1936.

menos tempo nunha cova. A estancia prolongada nestes cubís, estreitos, sucios e lóbregos, era moi difícil de levar. Ao mesmo tempo, o feito de estar escondidos, impedíalle aos profesionais do ensino contestar aos cargos que se lles imputaban.

O traslado convertíase en moitos casos en auténtico desterro, especialmente para os que tiveron que abandonar Galicia. Debido a que algúns renunciaron a esta situación, o maxisterio viuse privado de elementos valiosos. Lembremos que esta sanción foille aplicada a aqueles para os que se fixo fincapé no cargo de “nacionalismo/separatismo”.

Máis que medo, houbo moito desengano e decepción. Fronte a ilusión da época republicana, houbo que apandar con moitas cousas. Foise configurando unha estratexia xerárquica e militarista, coa exaltación patriótica, que afectou a distintas ordes da vida e mesmo á simboloxía, tanto no aspecto relixioso como político.

Outra cuestión foi a preparación científico-cultural, que afectou ao que poderíamos denominar exilio interior da cultura. Relacionada con isto estivo o feito de que os mestres e mestras, que recibiran unha formación axeitada durante a Segunda República, outra forma de entender a educación, tiveron que convivir cos formados, de forma “acelerada” polos novos planos de estudio (Plano Provisional de 1940, Plano de Cultura Xeral de 1942), ou mesmo os seguintes (Plano de 1945 e Plano de 1950). Á parte, as Escolas de Maxisterio da Igrexa, que foron aparecendo en Galicia a partir de 1945: María Sedes Sapientiae (Vigo), Nuestra Señora de los Remedios (Santiago de Compostela), Sagrado Corazón (Ferrol), Jesús Maestro (Ourense) e a dos Maristas de Tui.

Conclusiones

Resumindo o tratado ata aquí, podemos expresar a modo de conclusións algunhas ideas sobre o exilio interior dos mestres e mestras como consecuencia do fenómeno da depuración franquista do maxisterio:

- Os mecanismos de represión iniciados contra o Maxisterio en 1936, coa suspensión provisional de emprego e soldo por parte dos Gobernadores Cívicos en colaboración co Rectorado, Alcaldes, curas, inspectores, garda civil e algún que outro informe foron, á larga, de maior virulencia, anque tamén os máis improvisados. Creadas as Comisións provinciais e a Comisión Superior Dictaminadora, agás casos moi significativos, as sancións máis importantes por parte do Ministerio xiran arredor da maioría destes profesionais. Moi poucos dos sancionados en 1936 quedaron confirmados máis tarde nos seus cargos con todos os pronunciamentos favorables.
- Para moitos, o exilio interior foi incluso de maior dimensión que a propia traxedia do exilio exterior sufrido por outros.
- Os que sufriron o exilio interior no propio país compartiron a marxinação, a separación e a sensación xeral de perda respecto á terra nai cos que deixaron o territorio.
- Houbo varios exilios interiores. Uns por desengano, outros por medo, outros por sobrevivir e outros por desinformación. Foi frecuente saber máis do que pasaba noutros países do que sucedía ao lado da casa.

- O exilio interior afectou particularmente ás mulleres, polo seu papel a miúdo secundario e tantas veces subordinado, respecto ao home.
- ¿Tiveron os mestres a posibilidade de volver (retornar) dende o seu exilio interior? Nalgunha das variantes de exilio que analizamos neste traballo, coidamos que non.
- Agás a práctica da literatura na intimidade, moitos mestres que viviron aquela experiencia non frecuentaron maiormente o recurso da escritura, tanto na prosa como na poesía. Isto posibilitaríalles en moitos casos o uso do anonimato. Si, practicaron a correspondencia, aínda con riscos.
- A actitude que se tomou diante da vida non dependeu soamente das ideas, senón da propia situación persoal de cadaquén.
- As distintas situacións familiares explican en parte o medo ás represalias. Por iso é difícil xulgar as actitudes duns e outros. Tampouco é ese o noso cometido. A tarefa do historiador é a de comprender e facer comprender, non xulgar.
- Tense xustificando o silencio de moitos mestres durante o Franquismo como consecuencia do medo. Sen descartar a influencia psicolóxica do mesmo, entendemos que houbo outra forza poderosa no seu comportamento: o desengano da situación vivida.
- O exilio interior ao que estiveron sometidos os mestres afectoulles á súa saúde. Na investigación realizada constatamos que moitos dos que viviron situacións límite no cárcere ou acubillados tiveron problemas cardíacos máis tarde, algúns morreron do corazón. Peor final tiveron aqueles que quedaron no camiño.
- O franquismo beneficiouse do exilio interior dos mestres, que en moitos casos continuaron desenvolvendo o seu labor, aínda naquelas circunstancias difíciles.
- O exilio interior non deixa de ser tamén un concepto utilizado metaforicamente. Os mestres aos que facemos referencia, si viviron aqueles acontecementos, non estiveron exiliados. Afrontaron a situación.
- Diante da desinformación sobre o tema, do que se ten criticado tamén como pacto de silencio ao longo destes anos, debemos ser conscientes de que unha sociedade que non trata ou intenta aclarar o sucedido en calquera momento histórico é unha sociedade que sofre inseguridade. Tratalo é síntoma de madurez. A escola e o maxisterio de hoxe serían difíciles de entender sen entender aos propios exiliados.
- Non foron as represalias o peor, senón a montaxe dun plan implacable por parte do réxime para desmontar todo o acadado ate entón. Significaba a morte da cultura. Na cita de Milan Kundera coa que encozaba esta exposición lémbrese como o primeiro paso para liquidar un pobo e borrar a súa memoria, destruír a súa cultura; logo facer que alguén escriba novos libros, invente unha nova historia. Iso sucedeu co tema que estamos a comentar. Como historiadores da educación, temos a obriga reescribir de novo a historia. Correspóndenos tamén a nós facerlles xustiza a aqueles exiliados, que quedaron esquecidos.

- Mentres non teñamos para estes mestres e mestras unha rúa, un monumento, un colexio que leve o seu nome, un lugar preferente en museos, arquivos ou centros de investigación e o recoñecemento e gratitude para os que os axudaron, teremos para con eles unha importante débeda histórica.

FONTES DOCUMENTAIS

Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP)

Boletín Oficial do Estado (BOE)

Fondos privados contidos en A.S. Porto Ucha, *Historias de vida*, 2003, pp. 274-282

Entrevistas persoais

BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ CÁCCAMO, A. (1994): *Xosé María Álvarez Blázquez. Escritor, conferenciante, editor, arqueólogo, investigador; galeguista de aceiro e pedra fina*. Vigo, Ir Indo.

ÁLVAREZ COBELAS, J. (2004): *Envenenados de cuerpo y alma. La oposición universitaria al franquismo en Madrid (1939-1970)*. Madrid, Siglo XXI.

AYALA, F. de (1973): "Una gallina ciega", *Ínsula*, 320-321 (1973).

BOLETÍN DE LA INSTITUCIÓN LIBRE DE ENSEÑANZA (2004): "Crónica. Presentación de *Caminos de España y América*, de Carmen de Zulueta", *BILE*, 56 (diciembre 2004), p. 109.

CARR, E. H. (1979): *¿Qué es la Historia?* México, Seix Barral.

COSTA RICO, A. (2004): *Historia da educación e da cultura en Galicia (Séculos IV-XX)*. Vigo, Xerais.

"Entrevista. Herminio Barreiro", *ANIMA+L*, 10 (2000), pp. 22-27.

FRANKL, V. (2001): *El hombre en busca de sentido*. Barcelona, Herder, 21ª edición.

GUERREIRO, A. (2004): "La memoria histórica", *La Voz de Galicia*, 24-12-2005.

ILIE, P. (1981): *Literatura y exilio interior (Escritores y sociedad en la España franquista)*. Madrid, Fundamentos.

JACCARD, R. (1999): *El exilio interior*. Barcelona, Azul.

- LÁZARO CARRETER, F. (1985): *La fuga del mundo como exilio interior (Fray Luis de León y el anónimo del Lazarillo)*. Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca.
- MOLERO PINTADO, A. (1977): *La reforma educativa de la Segunda República Española. Primer Bienio*. Madrid, Santillana.
- MOLINER, M. (1983): *Diccionario del uso del español*. Madrid, Gredos.
- MORENTE VALERO, F. (1997): *La Escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)*. Valladolid, Ámbito.
- NAHARRO-CALDERÓN, J. M. (coord.) (1991): *El exilio de las Españas de 1939 en las Américas: "Adónde fue la canción?"*. Barcelona, Anthropos.
- NAHARRO-CALDERÓN, J. M. (1994): *Entre el exilio y el interior: el "entresiglo" y Juan Ramón Jiménez*. Barcelona, Anthropos.
- NEGRÍN FAJARDO, O. (2004): "Normas para la depuración del profesorado español durante el franquismo 1936-1943", en NEGRÍN FAJARDO, O. (dir.), *Historia de la educación en España. Autores, textos y documentos*. Madrid, UNED, pp. 571-580.
- PERELLI, C. (1987): "El poder de la memoria. La memoria del poder", en SOSNOWSKI, S. (comp.), *Represión, exilio y democracia: la cultura uruguaya*. College Park-Montevideo, University of Maryland-Ed. de la Banda Oriental.
- PORTO UCHA, A.S. (1994): *A Escola Normal de Pontevedra (1845-1940)*. Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.
- PORTO UCHA, A. S. (2003): *Historias de vida. O Maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e comezos do Franquismo*. Ponteareas, Alén Miño.
- PORTO UCHA, A. S. (2005): *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia*. Sada – A Coruña, Edición do Castro.
- RAMOS GASCÓN, A. (1978): *El Romancero del Ejército Popular*. Madrid, Nuestra Cultura.
- RIDRUEJO, D. (1977): *Sombras y bultos*. Barcelona, Destino.
- RIQUER I PERMANYER. B. de (1997): "Presentación" a MORENTE VALERO, F. (1997), *La Escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)*. Valladolid, Ámbito, pp. 13-22.
- RUBERT DE VENTÓS, X. (1987): *El laberinto de la Hispanidad*. Barcelona, Planeta.

SALABERT, M. (1988): *El exilio interior*. Barcelona, Anthropos.

SÁNCHEZ-REDONDO MORCILLO, C. (2004): *Leer en la escuela durante el franquismo*.
Cuenca, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.

SOTO, L. (1983): *Castelao, a U.P.G. e outras memorias*. Vigo, Xerais.

TORRE, G. de (1943): *La aventura y el orden*. Buenos Aires, Losada.

VEIGA, M. (2004): "O exiliado e a primavera", *Faro da Cultura* (Faro de Vigo), 18-11-2004.